

# 5º DESCENSO POPULAR DO SIL

SÁBADO 13 DE SETEMBRO DE 2025

EMBARQUE EN SOBRADELO A PARTIR DAS 15H • SAÍDA OFICIAL 16:30H

META "CACHÓN", CON ZONA RESERVADA PARA VER ÁS PIRAGUAS

FESTA DAS PIRAGUAS DA MAN DE **DJ ISRA** NO CACHÓN DE 17.30 A 19.30 H

PERCORRIDO: SOBRADELO ATA O BARCO • 7.5KM

**+ DEPORTE**  
La Región



ORGANIZAN



CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS  
CONCELLARÍA DE DEPORTES

**+ DEPORTE**  
La Región

## INSCRICIÓNS:

**MOI SINXELO!** deberedes inscribirvos **TODOS/AS OS/AS COMPOÑENTES DA BARCA/LANCHA** a través de [pressclub.laregion.es](http://pressclub.laregion.es)

**Prazo:** ata o 11 de setembro ás 20.00h. **Totalmente de balde.**

**Regalo:** Con solo inscribirte **+Deporte La Región** farache entrega o día do descenso dun regalo.

## EMBARCACIÓNS:

- 1) Se tes a túa propia embarcación, chegará simplemente con que te/vos inscribas/inscribades (lembrede que deberedes inscribirvos **TODOS/AS OS/AS COMPOÑENTES DA BARCA/LANCHA**).
- 2) Se precisas embarcación solicítanos información enviándonos un e-mail a: [piraguas@descensointernacionaldosil.com](mailto:piraguas@descensointernacionaldosil.com)

## ENTREGA DE DORSAIS:

O día do descenso a partir das 15 h. na **OFICINA DE DORSAIS** que teremos situada en Sobradelo.

## PROGRAMA DE HORARIOS E DESENVOLVEMENTO DO DESCENSO:

- 1) **ENTREGA DE DORSAIS, FOTOCOL E PREMIOS:** Sobradelo ás 15 h.
  - **Entrega de dorsais e agasallo.**
  - **Fotocol** (obrigatorio pasar a facerse unha foto) para participar nos premios a partir das 15 h. na zona de embarque.
- 2) **EMBARQUE:** 15 a 16:20 h.
- 3) **SAÍDA OFICIAL:** 16:30 h.
- 4) **META E FESTA DAS PIRAGUAS:** no “**CACHÓN**” (a meta estará indicada cunha pancarta situada ao marxe esquerdo do río que porá “**META VOLANTE**”). **FESTA DAS PIRAGUAS da man de DJ ISRA** (de 17:30 a 19:30) con zona reservada para ver as piraguas.

**OBRIGATORIO:** Unha vez se chegue á meta do Cachón, as embarcacións deberán irse á marxe dereita do río, onde terán habilitado un **APEADEIRO** sinalizado cunha pancarta “**ZONA RESERVADA: DESCENSO POPULAR DO SIL**”, onde permanecerán fora da auga vendo o descenso competitivo que tomará a saída ás 18 h.

- 5) **PROSEGUIR A BAJADA:** a partir das 18:45 h. poderase proseguir a baixada ata o apeadeiro de devolución de embarcacións. Irase embarcando e descendendo pola **marxe dereita do Sil** sen interferir aos/as deportistas que sigan competindo.
- 6) **DESEMBARQUE E DEVOLUCIÓN DE EMBARCACIÓNS:** o apeadeiro de devolución de embarcacións realizarase no Salgueiral como se fixo en anos anteriores (á marxe esquerda do río).

## **PREMIOS:**

**Xamóns, lotes de produtos e demais sorpresas.**

**\* Nomearanse os dorsais dos/as premiados/as por megafonía cando se atopen todas AS EMBARCACIÓNS COLOCADAS NA SAÍDA, e os premios estarán custodiados para ser recollidos na entrega de premios do Descenso situada no Malecón ás 20 h.**

### **Kaiaks:**

- Ao mellor disface de parella en kaiak
- Ao mellor equipo de kaiaks.

### **Xerais:**

- Ao mellor disface individual.
- Á familia máis numerosa.
- Ao mellor disface colectivo.

### **Lanchas:**

- Ao equipo máis marchoso en lancha.

### **Clubs de piragüismo:**

- Ao club piragüístico que presente máis participantes.
- Ao club piragüístico que presente máis "palistas infantís".

## **NORMAS DE PARTICIPACIÓN:**

- 1) Respetar os horarios de saída e de tempo a permanecer na **ZONA RESERVADA** situada na Meta do Cachón fora da auga para non interferir na competición deportiva posterior.
- 2) Todas as embarcacións levarán un **DORSAL** cun nome de equipo/embarcación que os seus tripulantes decidan.
- 3) Os/as tripulantes de cada embarcación serán responsables dos seus actos no río, e deberán **RESPECTAR** en todo momento aos/ás deportistas que compitan, facilitando o seu paso, non entorpecendo nin causando accidentes-golpes-envorcos, xa que de causarse serán os únicos responsables legais das reclamacións e consecuencias que supoñan.

**"DEBEMOS CONCILIAR A COMPETICIÓN COA DIVERSIÓN. TEMOS SITIO PARA TODO!"**

### DUCHAS:

Situadas no Pavillón Vello do Barco, a partir das 18:30 h. (Praza do Concello).



### ACAMPADA:

Situada no Campiño de Viloira onde se poderán aparcар coches, furgonetas e remolques a pe da tenda, así como furgonetas e auto caravanas que disporán de zona de vaciado de augas. Habilitaranse dúas zonas sinaladas con pancartas, e cada persoa que desexa acampar poderá elixir entre estas dúas zonas:

- Zona tranquila
- Zona ruidosa



ORGANIZAN



CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS  
CONCELLARÍA DE DEPORTES

**+** DEPORTE  
La Region